



Pórtico **M**
do Paraíso

XIX Festival Internacional de Música

TRADUCCIÓN

Beatriz Varandas / Conchi da Silva

CORRECCIÓN TEXTOS

Beatriz Varandas

TEXTOS SALAS

Antonia García

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Miguel Chaler Publicidad

IMPRESIÓN

Imprenta da Deputación Provincial

DEPÓSITO LEGAL



*Pórtico
do Paraíso*

XIX Festival Internacional de Música

do 8 ao 17 de maio de 2026

Juan Enrique Miguéns • Director artístico do Festival Pórtico do Paraíso

Inauguramos esta nova edición na igrexa de Santiago das Caldas co prestixioso cuarteto vocal andaluz VANDALIA, interpretando un programa con obras de dous grandes polifonistas españois do século XVI, Guerrero e Bermúdez, que mostraron unha asombrosa capacidade para adaptar textos relixiosos a cancións inicialmente concibidas como profanas, dotándoas dunha frescura que non tiñan outros compositores da época.

No primeiro concerto da provincia, imos ao Pazo de Vilamarín para gozar dunha das grandes voces da música antiga da Península Ibérica, Mariví Blasco, acompañada na guitarra barroca por Álex Pernas, facendo un programa titulado Entre el juego y el amor que nos transporta á España do Século de Ouro, período en que a música reflectía as paixóns humanas e o enxeño poético do momento.

No ecuador do festival ofertamos unha orixinal conferencia titulada “*Travelling para unha arpa*”, en que o arpista Manuel Vilas abordará a presenza da arpa no cine clásico, unha actividade coorganizada conxuntamente co Cineclubo Padre Feijoo.

O pianista Alex Alguacil, posuidor dunha gran traxectoria internacional e enalzado pola crítica e a prensa especializadas, actuará no Liceo de Ourense cun programa con obras de Listz e Granados. Este intérprete ofrecerá tamén un curso de interpretación no Conservatorio Profesional de Música de Ourense o día anterior e o posterior ao seu concerto.

E chegamos ao concerto de clausura, novamente no imponente Mosteiro de Oseira, no que o Cuarteto Seikilos, un dos máis atractivos cuartetos de corda españois, propoñeranos un marabilloso programa con tres das máis grandes obras compostas para esta formación por tres compositores excepcionais: Turina, Ravel e Schubert.

En resumo, feis ao noso eclecticismo, temos un festival cunha primeira fin de semana con música antiga para voz do Renacemento e Barroco españois, e un segundo con música instrumental do Romanticismo e nacionalismo, empregando como salas algunhas das marabillosas xoias do noso patrimonio arquitectónico. A oportunidade de gozalo está aí, non a deixes pasar!

Luis Menor • Presidente da Deputación de Ourense

Ourense volverá a converterse na capital da música culta coa celebración da XIX edición do Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso, un referente da actividade cultural na nosa provincia. Un Festival que se converteu na simbiose perfecta entre a posta en valor de referentes patrimoniais ourensáns e oferta musical de calidade.

Chega, unha vez máis, co apoio desta Deputación de Ourense, principal patrocinadora deste evento, que apostou por el desde o seu comezo conscientes da importancia que ten a oferta cultural na dinamización social e económica dos nosos territorios.

Nesta edición, serán cinco os artistas e grupos os encargados de poñerlle banda sonora a este espectáculo musical que fará as delicias de todos os que teñan a fortuna de desfrutar nalgún dos cinco espazos previstos que chegan a tres concellos diferentes da provincia.

Quero aproveitar a ocasión para felicitar a Asociación Cultural Pórtico Musical, a todos os implicados na organización deste evento, e aos patrocinadores públicos e privados, por contribuír a que Ourense sega ser un faro cultural para moitas outras provincias.

O Festival Pórtico do Paraíso ofrecerá o seu concerto número 100 o que da boa conta da longa, comprometida e excelente traxectoria que atesoura este proxecto cultural que xa é patrimonio de todos os ourensáns.

Longa vida a este Festival que nos fai sentir orgullosos do noso.





JOAQUÍN REBOLLEDO

JOAQUÍN REBOLLEDO
GODELLO



con alma

JOAQUÍN REBOLLEDO

JOAQUÍN REBOLLEDO

www.joaquinrebolledo.com

San Roque 11 A Rúa Ourense Galicia España
Tlfn. 988 372 307 Fax. 988 371 427



JOAQUÍN REBOLLEDO
MENCIA

Cuarteto vocal

VANDALIA

Venres 8 de maio, 20:30h
Igrexa de Santiago das Caldas
(Ourense)

Entrada libre

Voz e guitarra barroca

Mariví Blasco Álex Pernas

Domingo 10 de maio, 19:00h
Pazo de Vilamarín
(Vilamarín)

Conferencia

“Travelling para unha arpa”

Manuel Vilas

Martes 12 de maio, 20:00h
Casa da Cultura Rúa Concello 11
(Ourense)

Entrada libre

Piano

Álex Alguacil

Xoves 14 de maio, 20:00h
Liceo de Ourense

Cuarteto de corda

Cuarteto Seikilos

Domingo 17 de maio, 19:00h
Mosteiro de Oseira
(Cea)

Entradas online en porticodoparaiso.com • Entradas físicas en **Musical González** e no **Liceo de Ourense**



VANDALIA

Cuarteto vocal

Venres 8 de maio, 20:30h • Igrexa de Santiago das Caldas (Ourense)

Rocío de Frutos **SOPRANO** Gabriel Díaz **ALTO** Víctor Sordo **TENOR** Simón Millán **BAIXO**

VANDALIA

Tras compartir formación baixo a dirección artística de Lluís Vilamajó, Lambert Climent e Carlos Mena e, en paralelo, ao desenvolvemento das respectivas carreiras individuais como cantantes en grupos de música antiga de referencia (Capella Reial de Catalunya, Collegium Vocale Gent, Grande Chapelle, Al Ayre Español, Musica Ficta, Los Músicos de Su Alteza, Vox Luminis ...), Vandalia vén ofrecendo desde a súa fundación en 2012 concertos en numerosas cidades de España e o estranxeiro (Francia, Portugal, Noruega, República Checa, India, Colombia ou México).

Vandalia conta na súa discografía con cinco gravacións dedicadas ao Renacemento e Barroco españois, con especial atención aos tons humanos polifónicos, para casas discográficas como Ibs Classical ou Brilliant, que foron obxecto de importantes recoñecementos: a prestixiosa Bolsa Leonardo a Investigadores e Creadores Culturais da Fundación BBVA, o Premio GEMA (Grupos Españoles de Música Antigua) á mellor investigación 2019, Melómano de Oro, gravación recomendada de *Scherzo*, gravación seleccionada entre “Los diez grandes rescates de la música española” da revista *Ritmo* e o CD Excepcional da revista *Scherzo*, entre outros, ademais de recensións en diferentes medios especializados.

Entre os últimos proxectos discográficos, ten unha gravación dedicada a madrigais de Monteverdi e Gesualdo a cinco voces que obtivo o CD Excepcional da revista *Scherzo*, a recente integral de tons humanos sobre textos de Góngora para a discográfica Lindoro e o CD Beata Viscera en colaboración co grupo Daniel García Trío, un diálogo entre as harmonías modais do Medievo e Renacemento e as do jazz.

Vandalia foi recoñecido en 2020 co premio GEMA da prensa ao mellor grupo español de música antiga, destacándose o seu labor continuado de recuperación de patrimonio musical.

PROGRAMA (60 min)

Misa de Bomba

La Bomba

Mateo Flecha, o Vello (1481-1553)

Misa de Bomba: *Kyrie – Gloria*

Pedro Bermúdez (1558-1605)

Es menester que se acierte

[como *Graduale* da Misa]

Pastor, quien madre virgen

Francisco Guerrero (1528-1599)

Misa de Bomba: *Credo*

Pedro Bermúdez

Salve Regina II [como *Offertorium* da Misa]

Ave Maria [como *Introitus* da Misa]

Francisco Guerrero

Misa de Bomba: *Sanctus – Benedictus*

Pedro Bermúdez

Si tus penas no pruevo

Niño Dios, d'amor herido

Francisco Guerrero

Misa de Bomba: *Agnus Dei*

Pedro Bermúdez

Pan divino, graçioso

[como *Communio* da Misa]

O celestial medicina

Todo quanto pudo dar

Francisco Guerrero



SANTIAGO DAS CALDAS

As Caldas foi un dos asentamentos que, na época romana, prosperaron no contorno do poboado de agricultores que daquela era a cidade de Ourense.

Consta a existencia dunha capela mozárabe chamada Santa Catarina de Reza Vella, na Alta Idade Media, e tense coñecemento da formación, cara aos séculos XI-XII, dunha parroquia da que aparecerán datos ata o ano 1639.

A parroquia das Caldas tiña un templo románico do século XVI que, xunto coa reitoral, atopábase moi preto do actual cemiterio das Caldas, nas ribeiras do Miño. Aínda que se reformaron no século XVII pronto quedaron pequenos para atender as necesidades da poboación e xa, a finais do século XIX, estaban en estado ruinoso.

No ano 1905, o bispo Eustaquio Llundain y Esteban encárgalle a José María Basterra, arquitecto da diocese de Bilbao, a construción do novo templo parroquial. O 30 de xullo de 1910 colócase a primeira pedra na Avenida das Caldas.

O edificio levantouse segundo o gusto historicista da época. O gótico e a súa lixeireza e luminosidade foi o seu modelo. Os elementos estruturais básicos son o arco apuntado, a bóveda de cruceira e os arcobotantes, que lle dan a esta igrexa a imaxe característica exterior.

A fachada presenta unha soa torre central, típico esquema das igrexas construídas por Basterra.

En 1919 encárgase a Maximino Magariños, imaxineiro relixioso compostelán, o retablo. Ten estrutura de portada gótica con policromía dourada na que todo é filigrana oxival e adáptase perfectamente ao estilo do templo. Os relevos das rúas laterais representan escenas da vida do patrón da igrexa: Santiago Apóstolo. Na parte baixa, un Crucifixo do Cristo do Perdón; no piso superior, unha escultura de gran tamaño en madeira do Apóstolo.

En Federópticos
Óptica Moderna
cuidamos un año más
tu salud visual y auditiva,
para que puedas seguir
emocionándote con
Pórtico do Paraíso.



Reserva tu cita en nuestro teléfono: 988 21 08 42 y visítanos en: Rúa Papa Juan XXIII, 3 Galería, Local 1. Ourense

ACTIVIDADES PARALELAS

Conferencia “*Travelling para unha arpa*”*

martes 12 de maio

Manuel Vilas

Curso de piano no Conservatorio Profesional de Música de Ourense

mércores 13 e venres 15 de maio

Álex Alguacil

* En colaboración co Cineclube Padre Feijoo



**Mariví
Blasco**

Voz

Domingo
10 de maio,
19:00h
Pazo de Vilamarín
(Vilamarín)



**Álex
Pernas**

Guitarra
barroca

Mariví Blasco

Mariví Blasco é unha soprano valenciana especializada en música antiga. Comeza os estudos musicais na Unión Musical de Yátova, tocando o óboe, aos sete anos. Así mesmo estuda piano e canto no conservatorio José Iturbi da devandita cidade, ao tempo que obtén a licenciatura de psicoloxía pola Universitat de València. Entre os seus mestres, destacan Anatoli Goussev, Daniel Muñoz e Ryan Borges.

Colaborou coas máis importantes agrupacións barrocas europeas: Europa Galante (Fabio Biondi), L'Arpeggiata (Christina Pluhar), El Concierto Español (Emilio Moreno), Orquesta Camerata S. XXI, Hippocampus, Forma Antiqua, Capella de Ministrers, Vespres d'Arnadi, Camerata Antonio Soler, La Ritirata, Euskal Barrokensemble, Accademia del Piacere e Sarao de Musas.

Actúa en salas como o Auditorio Nacional (Madrid), Concertgebouw de Ámsterdam, Elbphilharmonie (Hamburgo), Teatro de La Maestranza (Sevilla), Teatro Arriaga (Bilbao), Teatro dei Rozzi (Siena), Teatro Metropolitan (Medellín), Castello Sforzesco (Milán), Palau de les Arts e Palau de la Música (Valencia). No campo da lírica debuta no Teatro Arenal de Madrid co rol de Despina de *Così fan tutte*, de W. A. Mozart. Cantou o papel da Raíña da Noite da *Frauta Máxica* de Mozart con Opera Duende.

Das súas gravacións discográficas destacan o oratorio *La forza del Divino Amore* de Bernardo Gaffi co Ensemble Piano Forte; *Insólito estupor*, con Forma Antiqua; *Artaserse*, ópera de Terradellas coa Real Compañía de Ópera de Cámara; *Le Lacrime di Eros*, con Accademia del Piacere; *Songs of irrelevance and passion*, con música de Frescobaldi e John Cage, xunto a Frank Agsterribbe. Os últimos discos son *A che bellezza*, con Juan Carlos Rivera, galardoado co premio Mélomano de Oro; *Geislliche lieder* de CPE Bach, xunto a Yago Mahúgo, galardoado co R de *Ritmo* e o Disco Excepcional de *Scherzo* e *Midnight in Paris*, un percorrido pola guitarromanie parisiense xunto á guitarra de Javier Somoza.

Actualmente é directora musical na compañía For the fun of it, con Antonio Castillo Algarra.

Álex Pernas

Álex Pernas inicia estudos de guitarra clásica e flamenca con Alejandro Bernáldez aos trece anos. Finaliza o superior en guitarra clásica co mestre Pedro Mateo no Conservatori Superior de les Iles Balears, tras finalizar estudos en ciencias sociais na Universidad Carlos III de Madrid. Especialízase en instrumentos de corda pulsada do Barroco e Renacemento con Pablo Zapico e Enrike Solinís.

Regularmente asiste a distintos cursos e festivais nacionais de guitarra, en que recibiu premios nos certames José Tomás - Villa de Petrer e Ciudad de Náquera. Tamén obterá o primeiro premio no concurso do Festival de Música Antigua de Gijón 2023 e, en marzo de 2024, o primeiro premio no Before Beethoven Emergents Fest de València, o que lle dará a oportunidade de gravar o primeiro disco en setembro dese ano.

Desde 2025 colabora co grupo Capella de Ministrers e participa nunha residencia artística multidisciplinaria (música e danza) nos Teatros del Canal de Madrid. O seu traballo foi apoiado por distintas entidades como a prestixiosa bolsa da Sociedad de Artistas Intérpretes o Ejecutantes de España (AIE) ou o programa europeo Euro Strings.

PROGRAMA (60 min)

“Entre el juego y el amor” tonos e danzas da España do barroco

Sepan todos que muero

José Marín (1618-1699)

De las luces que en el mar

Juan Hidalgo (1614-1685)

Ojos, pues me desdeñáis

José Marín

Pasacalle por la D

Gaspar Sanz (1640-1710)

Esperar sentir morir

Juan Hidalgo

Tortolilla si no es por amor

José Marín

Ay que me río de amor

Juan Hidalgo

Canarios

Gaspar Sanz

Niña como en tus mudanzas

José Marín

Ay que sí, ay que no

Juan Hidalgo

La rosa enflorace

Tradicional sefardí

La noche tenebrosa

Juan Hidalgo

No piense menguilla ya

José Marín

Trompicábalas amor

Juan Hidalgo



PAZO FORTALEZA DE VILAMARÍN

Ata finais do século XIV a xurisdicción de Vilamarín foi señorío real aínda que gobernada no seu nome por un cabaleiro. No ano 1372 Enrique II doa o coto a Afonso Ojea de Vilamarín e aos seus descendentes e foi nese momento cando se pensou en construír unha casa-forte nun territorio que ata ese momento non precisaba dela debido ao seu limitado valor estratéxico.

A construción da fortaleza comeza na primeira metade do século XV e durante as seguintes centurias fóronse engadindo estancias, estruturas e decoración que se axustaban á función máis palaciana que foi adquirindo o edificio.

Levantado en cachotería de granito, o pazo ten planta poligonal irregular con sete esquinas e cinco torres ameadas con matacáns en beiril. Os lados noroeste e suroeste están tamén defendidos por unha barbacá e un camiño de ronda que non foron precisos nos outros costados protexidos xa polo propio terreo cunha forte pendente. Coas sucesivas melloras, o remate ameado deu paso á cornixa con canos e gárgolas que coroan o conxunto que aínda conserva as seteiras, algunha garita de defensa e os desgastados escudos de armas dos Vilamarín.

Na fachada principal, entre dúas torres circulares unidas por unha estreita balconada e enmarcado por un arco de medio punto e xambas con doelas de cantería, o portalón principal dá acceso ao pazo. O espazo interior organizase ao redor dun patio central cunha escaleira que ascende ao piso alto onde se encontran diferentes estancias comunicadas entre si que teñen saída directa á galería que percorre toda a parte superior. Na planta baixa situábanse os almacéns, as cortes e outras dependencias que probablemente nalgún momento se empregaron como cárcere. A co-ciña é unha das pezas máis interesantes do conxunto. Con acceso á torre sur, conserva a lareira coa enorme campá e o lousado de granito.

A capela de planta rectangular do exterior é do século XVIII e está dedicada a san Gregorio Magno. Sobre a porta principal, un pequeno rosetón e unha espadana de dous corpos que remata cun frontón.

Pórtico da Catedral de Ourense



A NOSA CULTURA
DEFÍNENOS

www.coren.es



Dr. Karina Caeiro Parracía
ortodoncia e implantóloga

Dra. Beatriz Pintos Pérez
endodoncista-odontopediatra

Clínica dental Parracía

Implantes


Ortodoncia autoligable

Alineadores invisibles

Endodoncias

Odontología general

Niños



Búscanos en la web

www.parracia.es

Nº de Registro Sanitario: C-32-000640



Manuel Vilas

Conferencia “*Travelling* para unha arpa”

Martes
12 de maio,
20:00h
Casa da Cultura
Rúa Concello 11
(Ourense)

CCPF
Cineclube Padre Feijoo

Travelling para unha arpa

A presenza da arpa no cine clásico

Manuel Vilas

A presenza da arpa no cine prodúcese case desde o seu nacemento. Nesta peculiar charla, pintura, literatura, cine e música mestúranse tendo sempre a arpa como denominador común e fío condutor. Veremos e analizaremos escenas en que a presenza da arpa forma parte da linguaxe cinematográfica, escenas en que mesmo a presenza deste instrumento condiciona a planificación e posta en escena.

Poderemos observar desde as fantásticas reproducións de arpas exipcias que a Century Fox realizou para *Sinuhé o Exipcio*, ata a gran variedade de arpas de pedais aparecidas en infinidade de películas de moi diversa índole.

Así mesmo, trataremos a influencia que a antiga simboloxía do Rei David como arpista exerceu en diversas películas, o papel da arpa no cine de terror, falaremos de grandes directores de atrezzo e mobiliario cinematográfico como creadores de moi diversos tipos de arpas, utilización de arpas reais dos séculos XVIII-XX en filmes, arpas fantásticas, etc. En definitiva, un paseo por 50 anos da historia do cine a través de aproximadamente 15 películas realizadas entre os anos 1913 e 1968 de produción estadounidense, francesa, española, italiana, danesa e alemá, en que este instrumento será o auténtico protagonista.

O Cineclube Padre Feijoo

O Cineclube Padre Feijoo ten como principal misión promover o coñecemento e o gusto cultural polo cine. A programación inclúe presentacións de ciclos, retrospectivas e enlaces do cine con outras artes, estimulando a cinefilia e a cultura fílmica, a través de proxectos educativos, formativos e editoriais, dialogando con todos os públicos e celebrando a complexidade e diversidade.

A principios do curso 1970-71 naceu como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio este cineclub, herdeiro da tradición cineclubista da cidade que durante os anos sesenta do século XX foi representada polos cineclubs Ourense e Miño.

Nos anos setenta o Padre Feijoo «desbordará os límites dun mero cineclub e converterase nun dos elementos máis dinamizadores do movemento cultural, contribuíndo ao xurdimento e desenvolvemento dunha das manifestacións cinematográficas máis interesantes da década: as “Xornadas de Cine en Ourense”» (Ángel Luis Hueso en Historia do Cine en Galicia, Vía Láctea, 1996). As Xornadas pasan no 78 a se denominar *Xornadas do Cine das Nacionalidades*.

Nos anos oitenta realizan ciclos como as Mostras Cinematográficas ou o titulado «Espacios fílmicos», organizan cursos de formación cinematográfica e conferencias e ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán ou cinema francés.

En 2019 recibe de xeito colectivo, por medio da Federación de cineclubes de Galicia, o premio José Sellier dos Mestre Mateo 2018.

No ano 2020, a celebración do 50 aniversario viuse parcialmente modificada tanto no tempo coma nas actividades. Á homenaxe aos membros das antigas directivas do cineclub asistiron Xosé Paz, Segismundo Bobillo, David Cortón, Xosé Lois Carrión, María Teresa Ansias, Pura Veiga, Henrique Torreiro e Maribel Outeiriño. Tamén participou o director xeral de cultura da Xunta de Galicia, Anxo M. Lorenzo, que afirmou que o Cineclube Padre Feijoo “é un dos grandes referentes culturais de Ourense”.

En 2023, o cineclub celebrou os 50 anos das *Xornadas de cine das nacionalidades e rexións* cunha homenaxe aos primeiros participantes e organizadores, que propiciaron no seu día a semente do cine galego.

En 2023 recoñeceu-se por parte da Xunta de Galicia a utilidade pública da Asociación Cultural Cineclube Padre Feijoo e en 2024 recibiu o premio da 29 MITEU.

Musical González

dende 1978



A black and white photograph of a man with a beard and a shaved head, wearing a dark turtleneck sweater. He is looking off to the right. In the background, the dark, curved frame of a grand piano is visible. The lighting is dramatic, highlighting the man's face against the dark background.

Álex Alguacil

Piano

Xoves 14 de maio, 20:00h • Liceo de Ourense

Álex Alguacil

Descrito como un pianista con “un despliegue sonoro que cautiva al oyente” (*Melómano*), Álex Alguacil é enalzado pola crítica e prensa especializadas pola súa “madurez interpretativa” (*Scherzo*), o seu “fino sentido musical” (*El País*), á vez que destaca como un “músico inteligente con madera de calidad” (*La Vanguardia*).

Músico dunha considerable traxectoria internacional, as súas actuacións levárono a escenarios importantes de América do Norte e Xapón. No seu debut con orquestra en España foi descrito como “un pianista brillante” (*El País*) e o seu recital de presentación no Carnegie Hall de Nova York foi recoñecido como “un dos recitais máis destacados da temporada” (*New York Concert Review Magazine*).

En España actúa regularmente en auditorios, temporadas e festivais e foi solista con orquestras como a Orquesta Sinfónica de Castilla y León ou a Orquesta Sinfónica del Vallés, entre outras. Nos Estados Unidos debutou no Carnegie Hall de Nova York en 2008, recital aclamado pola crítica que o impulsou a actuar noutras salas importantes da cidade - como o Cami Hall ou o Merkin Hall, do Lincoln Center - e do país, como Chicago, Philadelphia ou Portland, actuando con orquestras como a Bergen Philharmonic Orchestra e a Vancouver Symphony Orchestra.

En 2003 debutou no Palau de la Música Catalana. Alicia de Larrocha, invitada ao concerto, quedou gratamente satisfeita coa actuación e accedeu a asesoralo artisticamente, establecendo unha relación que se prolongaría durante varios anos, traballando con ela o repertorio de compositores españois.

O seu álbum máis recente, *Goyescas de Granados* (Solfa Recordings, 2024), foi definido como “una propuesta audaz y reveladora que ofrece una nueva perspectiva sobre la obra de Granados sin renunciar a la tradición interpretativa española” (*Melómano*).

O seu álbum *Piano Serenade*, (Aglae Música, 2022) dedicado á música para piano de Richard Strauss, foi recoñecido como “un trabajo inmenso y mayúsculo que se erige como un espacio de utopía sonora” (*Nosolocine*).

PROGRAMA

PARTE I (40 min)

FRANZ LISZT
(1811-1886)

6 Consolacións

1. *Andante con moto*
2. *Un poco più mosso*
3. *Lento placido*
4. *Quasi Adagio*
5. *Andantino*
6. *Allegretto sempre cantabile*

Parte II (35 min)

SCHUBERT / LISZT

Transcripcións de Lieder de Schubert

- *Ständchen*
(*Serenata*)
- *Auf dem Wasse zu singen*
(*Cantando na auga*)
- *Frühlingsglaube*
(*Fe na primavera*)
- *Gretchen und Spinrade*
(*Margarita na roca*)

ENRIQUE GRANADOS
(1867-1916)

Selección de Goyescas

- *Intermezzo*
(*da ópera Goyescas*)
- *Los Requebros*
- *La Maja y el Ruiseñor*
- *El Amor y la Muerte*



LICEO DE OURENSE

No século XVI a cidade de Ourense comeza a desenvolverse. O cabido e o corrixidor patrocinan a construción de edificios administrativos que se engaden ás novas edificacións residenciais da xerarquía eclesiástica e familias importantes. Estas novas casas-pazo érguense nas proximidades da catedral, principalmente ao norte da vila. Os Oca Sarmiento aséntanse en Ourense a finais do século XV e constrúen, entre o 1500 e o 1525, a súa casa na rúa Nova, que era unha das vías polas que a cidade medieval empezaba a se desbordar.

No ano 1863 neste edificio instálase o Liceo Recreo Orensano. Unha nacente sociedade urbana está xurdindo nun Ourense que na primeira metade do século XIX aínda carecía de luz eléctrica. Unha burguesía con inquedanzas promove a creación de asociacións culturais que pretenden impulsar o desevelopmento urbano e educar a poboación. Neste contexto un grupo de artesáns e profesores funda no ano 1850 o Recreo de Artesanos de Orense. Tras diferentes localizacións, establécense neste inmoible en 1870.

Da antiga distribución do pazo pouco queda. En sucesivas ampliacións elimináronse os cuartos, a cociña, a bodega e todos os elementos propios dunha vivenda do século XVI. Queda da edificación orixinal a fachada de dúas plantas con portada sinxela e catro balcóns que dan á rúa. Tamén se mantén do pazo primitivo o patio renacentista, antigamente sen cubrir, que articula o espazo ao seu arredor e que é o protagonista da construción. Os dous pisos orixinais están separados por unha arquitecra sostida por columnas poligonais na parte baixa, que no primeiro corpo son de fuste cilíndrico. Os capiteis son xeométricos e, a xeito de decoración, colócanse nos ángulos escudos coas armas da familia e unha pétreca cadea labrada que percorre todo o patio á maneira de friso. Os murais que decoran a planta inferior son do século XIX de gusto folclorista e rexionalista propio da época.

O Liceo foi ata ben entrado o século XX o centro vital do Ourense cultural e social. Ciclos de conferencias, lecturas poéticas, concertos; personaxes da cultura ourensá, galega, española; acontecementos e recordos que contribúen a crear a atmosfera cálida que aínda conserva o inqueda espírito alentador daquela época.

Cuarteto Seikilos

Cuarteto de corda

Domingo 17 de maio, 19:00h • Mosteiro de Oseira (Cea)



Iván Görnemann **VIOLÍN** Pablo Quintanilla **VIOLÍN** Adrián Vázquez **VIOLA** Lorenzo Meseguer **VIOLONCELLO**

Cuarteto Seikilos

O Cuarteto Seikilos formouse en 2011 no seo da Joven Orquesta Nacional de España (JONDE). Está integrado por Iván Görnemann e Pablo Quintanilla (violíns), Adrián Vázquez (viola) e Lorenzo Meseguer (violoncello). Os catro músicos coincidiron no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, e posteriormente completaron formación en prestixiosas institucións europeas como a Musikhochschule de Düsseldorf, a Universität Mozarteum de Salzburgo, a Hochschule de Leipzig e a Escuela Superior de Música Reina Sofía.

O grupo retomou a actividade en 2018 cunha clara vocación de explorar un repertorio amplo e centrando parte da actividade na recuperación musical do repertorio do século XX en España. O nome, Seikilos, fai referencia ao soado epigrama musical grego considerado a peza musical completa máis antiga coñecida, símbolo do interese pola permanencia da arte a través do tempo.

Os integrantes do Cuarteto Seikilos recibiron formación de recoñecidos conxuntos como o Cuarteto Hagen, o Cuarteto Bennewitz, o Cuarteto Quiroga e o Cuarteto Diotima e pertenceron ao Instituto Internacional de Música de Cámara da Escuela Reina Sofía, baixo a tutela de Günter Pichler. En 2021 foron galardoados co premio Grupo Emergente da Asociación Española de Festivales de Música Clásica (FestClásica), e en 2024 obtiveron a bolsa Leonardo da Fundación BBVA polo seu labor na recuperación do patrimonio musical español.

Entre os proxectos máis destacados figura o disco monográfico sobre o compositor Conrado del Campo, coa gravación do cuarteto nº10 e o Scherzo para a discográfica da Fundación Juan March (2025), recibido con gran entusiasmo pola crítica especializada. Tamén, e como resultado do traballo para a bolsa Leonardo, a publicación do dobre CD *Los cuartetos del conservatorio*, baixo a discográfica Eudora Records (2026). Manteñen, así mesmo, unha grande actividade nos principais festivais e ciclos de concertos do país.

PROGRAMA (75 min)

La oración del torero, op.34 (1925)

Joaquín Turina (1882-1949)

Cuarteto en fa maior, M. 35 (1902-1903)

Maurice Ravel (1875-1937)

Allegro modetaro

Assez vif - Très rythmé

Très lent

Vif et Agité

Cuarteto nº14 en re menor, D. 810

Franz Schubert (1797-1828)

La muerte y la doncella (1824)

Allegro

Andate con moto

Scherzo. Allegro molto.

Presto



MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OSEIRA

No ano 1137 un grupo de monxes, atraídos pola vida eremítica de comunión con Deus, chegou ás concavidades da serra da Martiñá. A pequena comunidade ascética convértese no primeiro mosteiro en se incorporar en Galicia á orde do Císter de Claraval no 1141.

Oseira, nos séculos XII e XIII, vive o momento de maior esplendor grazas ás numerosas doazóns de reis e nobres. A través dos seus priorados e granxas, o mosteiro transfórmase nun foco colonizador importante. A situación estratéxica das súas posesións permítelle o autoabastecemento, e o crecemento da comunidade fai necesario a construción dun ambicioso conxunto monástico que se inicia coa edificación do templo, consagrado no ano 1239.

Grandiosa na súa sobriedade, a igrexa amosa a sinxeleza decorativa e o amor pola simplicidade e a austeridade cisterciense. As liñas limpas, a decoración vexetal contida, a luz que entra polas naves laterais animan ao recollemento e á oración. Comezada no ano 1185, ten planta de cruz latina con tres naves cubertas por bóvedas de canón en punta. Sobre o cruceiro, unha cúpula nervada e, na cabeceira, un deambulatorio que rodea o presbiterio enmarcado por columnas que acollen unha fermosa imaxe da Virxe do Leite en pedra policromada do século XIII. A igrexa conserva boa parte dos retablos barrocos, froito do empeño decorativo do século XVIII e, aos pés do templo, unha bóveda plana que sostén o coro alto.

Oseira empeza a perder influencia nos primeiros anos do século XVI e, no ano 1545, entra na Congregación de Castela. Pouco despois está a punto de desaparecer cando practicamente é destruída polo grande incendio de 1552. As obras de reconstrución levadas a cabo entre os séculos XVI e XVIII serán as que lle dean a Oseira o aspecto que agora coñecemos. A fachada do mosteiro, os tres claustros e diferentes dependencias para a comunidade, como o refectorio, proxeccións nese momento. Abandonada no século XIX coa desamortización, os monxes regresan no ano 1929 e con eles o conxunto foi recobrando o brillo doutros tempos. O seu traballo de restauración mereceu o premio Europa Nostra en 1990.



IVÁN RODRÍGUEZ

ENTRENAMIENTO PERSONAL & DIETÉTICA



ivan_entrenador

638 768 774

info@ivanentrenador.com

www.ivanentrenador.com

organiza



patrocinan



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Xacobeo
2027



MINISTERIO
DE CULTURA

DIRECCIÓN GENERAL
DE ARTES ESCÉNICAS Y MÚSICA

colabora



“Este festival debe hacernos sentir orgullosos de la ciudadanía ourensana”.

La Región

“Un festival que ha vuelto a contar con una afluencia de público y una excelencia musical en los conciertos realmente sobresalientes”.

mundoclasico.com

“Tranquilamente, pero con creciente calidad, Ourense va consolidando su festival internacional de música”.

Revista Scherzo

“Un festival que está calando hondo en la ciudad de As Burgas y que ha logrado mejorar el ya alto nivel de ocupación de ediciones anteriores”.

El País

“O Festival “Pórtico do Paraíso” coloca a Ourense na rota dos festivais europeus”.

**Diário de Notícias,
Lisboa**

apoian



agradecementos



El Liceo de Ourense

Parroquia
de Santiago
das Caldas



HISTÓRICO

Solistas vocais

Raquel Andueza
Marco Beasley
Robin Blaze
Emma Kirkby
Pino de Vittorio

Solistas instrumentais

Iñaki Alberdi, acordeón
Alison Balsom, trompeta
Raúl da Costa, piano
Céline Frisch, clavecín
Andrew Lawrence King, arpa
Alexander Melnikov, piano
Carlos Núñez, gaita
Kyuhee Park, guitarra
Paul O'Dette, laúde
Antonio Serrano, harmónica

Nestes anos de festival, pasaron por Ourense grandes intérpretes. Na seguinte relación non están todos, pero é unha boa mostra do que levamos feito dende os nosos inicios, alá polo 2008.

Hopkinson Smith, guitarra barroca
Pieter Wispelwey, cello
Andrew York, guitarra
Mika Vayrinen, acordeón

Solistas vocais e instrumentais

Brigitte Lesne
Arianna Savall

Conxuntos vocais

Amarcord
Apollo 5
Diabolus in musica
Discantus
Les Eléments
Odhecaton
Orlando Consort
Tallis Scholars

Conxuntos instrumentais

Calefax Reed Quintet
Katona Twins Guitar Duo
Kosmos Ensemble
Spanish Brass Luur Metals
Vienna Clarinet Connection

Conxuntos vocais e instrumentais

Accademia del Piacere
Alla Francesca
Capilla Flamenca
Ensemble Jacques Moderne
Florilegium
His Majestys Sagbutts and Cornetts
La Reverdie
Resonet
The Harp Consort

ORGANIZA
Asociación Pórtico Musical

PATROCINAN
Deputación de Ourense, Axencia Galega das Industrias Culturais - Xacobeo 2027
Ministerio de Cultura - Dirección General de Artes Escénicas y Música

COLABORA
Clínica dental Parracia

APOIAN
Coren, Bodegas Joaquín Rebolledo, Musical González, Federópticos Óptica Moderna,
Ívan Rodríguez Entrenamiento Personal, Concello de Cea, Concello de Vilamarín

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN
Conchi da Silva

INFORMACIÓN
info@porticodoparaiso.com
www.porticodoparaiso.com

ENDEREZO
Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso
APDO. 1219 • 32080 OURENSE

REMARKABLE ARTS FESTIVAL



EUROPE FOR FESTIVALS
FESTIVALS FOR EUROPE
EFFE LABEL 2026-2027

Pórtico do Paraíso

XIX Festival Internacional de Música

do **8** ao **17** de **maio** de **2026**

www.porticodoparaiso.com

organiza

patrocinan

colabora

